

AER organiza unha actividade de “xeocatching” e un magosto reivindicativo o 17 de novembro



A Agrupación de Electores de Redondela (AER) organiza unha actividade de xeolocalización GPS denominada XEOCACHING para “atopar o tesouro de Rande” o vindeiro sábado 17 de novembro; dentro do magosto reivindicativo que AER decidiu celebrar este ano 2018 e denominar “Castañado aos contedores de Rande”.

AER convida o vindeiro sábado a todas as xentes de Redondela e arredores a pasar unha tarde de aventuras, de busca de tesouros e de castañas; no patrimonio cultural que se agocha baixo a ponte de Rande e o seu entorno. Esa ponte, pola que case todo mortal deste territorio pasou máis dunha vez na vida deixando unhas cantas moedas de ouro aos piratas do formigón, agocha baixo o seu taboleiro moito máis do que poidas imaxinar.

Para demostrar que a costa de Rande é un lugar cheo de tesouros (que non caben nuns contedores de mercancías), para demostrar que todos podemos descubrilos, desfrutalos e admiralos, e para demostrar que podemos comer máis castañas das que caben nun cucurucho; AER convida a todas as xentes do entorno da ría ao seu **CASTAÑAZO AOS CONTEDORES DE RANDE**. Temos moito que expoñer e demostrar!

Sábado 17 de Novembro:

* **Ás 16:30h, Busca do Tesouro de Rande, Xeocaching familiar** nun xogo no que percorrendo camiños e sendeiros da costa de Rande acabarás atopando, de verdade, o auténtico Tesouro de Rande. Fai falla inscrición previa en info@aeredondela.com, chalecos reflectantes e un móbil con conexión a internet por grupo familiar ou de amigos.

* **Ás 18:00h, Magosto reivindicativo** onde se fará unha exposición das intencións da Autoridade Portuaria de Vigo que afectan á vida da veciñanza e o entorno medioambiental, cultural e patrimonial da enseada de Rande; mentres degustamos castañas.

Redondela, 13 de novembro de 2018